



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE AMES PARA A MELLORA DO FIRME DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE O PQ 6+250 (GLORIETA DA AG-56) E O PQ 8+390 (LÍMITE CONCELLO BRIÓN)

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel Ma Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, José Miñones Conde, na súa condición de alcalde do Concello de Ames, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A estrada AC-543 discorre en parte polo Concello de Ames, concretamente pola localidade de Bertamiráns. Entre o pq 6+250 e o pq 8+390, precisa dunha mellora no firme da estrada que consiste na reparación de brandóns e roturas, tratamento superficial e o repintado das marcas viarias aproximadamente nuns 2.140 metros de lonxitude.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestructuras, en colaboración co Concello de Ames, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas





infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

As actuacións de reparacións de brandóns e roturas con fresado de 6 cm do pavimento existente e reposición co mesmo espesor con mestura bituminosa en quente para capa de rodadura, o tratamento superficial con microaglomerado en frío tipo MICROF 8 sup a toda a plataforma e o repintado de marcas viarias obxecto deste convenio, son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Ames ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ames para a mellora do firme na estrada AC-543 en Bertamiráns, entre o pq 6+250 e o pq 8+390. A mellora no seu conxunto afecta a 2.140m.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- reparación de brandóns e roturas co fresado de 6 cm do pavimento existente e reposición co mesmo espesor con mestura bituminosa en quente para capa de rodadura.
- Tratamento superficial con microaglomerado en frío tipo MICROF 8 sup a toda a plataforma.
- Repintado das marcas viarias.





O orzamento de execución destas actuacións estímase en **CENTO CORENTA MIL CENTO UN EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (140.101,75)**, IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Ames cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Ames obrígase a:

1. Aceptar a transferencia da titularidade do treito da estrada AC-543 con inicio no pq: 6+250 (UTM etrs huso29: 529.519 / 4.745.602 e con final no pq 8+390 (UTM etrs huso29: 527.604 / 4.744.859, así como asinar a acta de entrega correspondente antes da licitación da obra. A tramitación do expediente de cambio de titularidade realizarase consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
2. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes





públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
9. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:



CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de **CENTO CORENTA MIL CENTO UN EURO CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (140.101,75€)**, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2020.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras terá unha repercusión directa no financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de





Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Ames xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica dos carteis da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2020. A data límite para a xustificación destes gastos é o 30.11.2020.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Ames, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo





de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Ames.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo





que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020 e financiará os gastos realizados dende a data de sinatura do convenio nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

O alcalde do Concello de Ames

Ethel Ma Vázquez Mourelle

José Miñones Conde

